



Convenio de colaboración entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e o Concello de Ribadavia para a celebración da Feira do Viño do Ribeiro 2019

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Agacal, **DECLARA:**

Que esta axencia ten previsto formalizar co Concello de Ribadavia o instrumento convencional arriba referido que entrará en vigor o 1 de xullo de 2019 e rematará o 31 de xullo do mesmo ano.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular as condicións de colaboración conxunta entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Agacal, e o Concello de Ribadavia para o apoio á organización da edición da LVI Feira do Viño de Ribeiro en Ribadavia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O concello de Ribadavia, segundo se sinala no artigo 25.2.m) da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, ten competencias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante, realizando para iso diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración da Feira do Viño do Ribeiro 2019.

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos ten como obxectivo impulsar e fomentar a colaboración entre os distintos consellos reguladores e outros órganos de xestión das denominacións de calidade do mesmo xeito que establece como finalidade da Axencia ser o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade.

A Axencia ten como funcións en materia de calidade alimentaria, entre outras o promover, fomentar e defender a calidade dos produtos amparados polas denominacións e indicativos de calidade.

A Feira do Viño do Ribeiro, festa vitivinícola mais antiga de Galicia, celebra no ano 2019 a súa 56ª edición na localidade de Ribadavia, Ourense. A relevancia desta celebración e o gran número de produtores, lémbrese que este ano a participación acada un total de 38 adegas fai que a súa promoción se encadre dentro do noso obxectivo de promoción y fomento dos produtos





agroalimentarios galegos con indicación de calidade, tal e como recolle o Decreto 52/2018, de creación da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela,

